

ACTA XUNTA EXTRAORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 26 de novembro de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade, o xoves 26 de novembro de 2015, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Debate e aprobación, se procede, da oferta de materias optativas por cuadrimestre

Debate e aprobación, se procede, da oferta de materias optativas por cuadrimestre

Desculpan a súa ausencia: Ángeles Coello (motivos académicos) e M^a Dolores Domínguez (motivos laborais).

A decana expón que hai 11 materias optativas e destas, 4 rotan; tal e como se aprobou en Xunta de Facultade, os alumnos de 3^o curso elixen cada ano que 2 materias van cursar ao ano seguinte en 4^o de grao. Pensa que o mellor é comezar por aclarar cantas materias se van ofertar cada cuadrimestre: se 8 materias no 1^o e 3 no 2^o ou ben 9 e 2. A decana abre unha rolda de intervencións para que os presentes expresen a súa opinión.

Julio Prada pensa que a opción 9-2 con respecto á 8-3 ten a ratio máis equilibrada e é a máis convinte para as posibles combinacións de materias.

Susana Reboreda cre que para facer un itinerario especializado en Galicia debería haber algunha das historias de Galicia no 2^o cuadrimestre.

María López cre que o máis lóxico é deixar para o 2^o cuadrimestre as materias transversais e é partidaria da opción de 9-2.

Daniel Cid expresa que os alumnos lle comunicaron a súa opción de 8-3 porque queren as historias de Galicia xuntas e ter a posibilidade de escoller etapas históricas ou non.

Establécese un debate sobre a conveniencia da rotación das 4 materias optativas ou establecer unha oferta fixa.

Hai acordo en que a oferta de rotación sexa fixa, alternándose cada ano dúas materias.

Como este punto non estaba na orde do día, os presentes acordan incluílo na próxima xunta de centro.

A decana pregunta aos representantes do alumnado que lles parece a opción de 9-2. Eles din que aínda que non era a opción acordada, comparten o razoamento de Julio Prada e asumen que é a máis adecuada.

Ladislao Castro di que a Área de prehistoria prefire ter 2 materias en cada cuadrimestre, polo que propoñen manter a Prehistoria do NW da P. I. no 2º cuadrimestre.

A Susana Reboreda lle parece discordante que esa materia estea no 2º cuadrimestre cando as etapas históricas posteriores están no 1º.

Despois dun breve debate apróbase por unanimidade a opción de ofertar 9 materias optativas no 1º cuadrimestre e 2 no 2º.

María López propón que as materias transversais que rotan pasen para o 1º cuadrimestre.

Beatriz Vaquero pensa que o problema para acadar un acordo é que se prioriza o horario do docente sobre a conveniencia para o alumnado.

Ladislao Castro propón que Prehistoria e Hª contemporánea de Galicia queden no 2º cuadrimestre.

A Elena de Uña lle parece ben a opción que propón Ladislao porque di que normalmente o alumando se decanta máis polos itinerarios de épocas.

María López propón a rotación entre Hª das relixións-Hª do poder e das institucións e a de Introducción á lingua e cultura latinas-Mentalidade, identidade e cambio social. Esta última opción xunto con Prehistoria do NW da P.I. podían ofertarse no 2º cuadrimestre.

Jesús de Juana di que a Hª contemporánea de Galicia ten todo o dereito a estar no 2º cuadrimestre, cre que historicamente é o mellor e incluso didacticamente.

Julio Prada cre que a opción que propón Jesús é a que máis se axusta ao que pide o alumnado.

Ladislao Castro cre que na carreira se entrecruzan épocas e non hai ningún problema, aínda que admite que a proposta é lóxica.

A decana propón que se realice unha votación para determinar que se oferta no 2º cuadrimestre. O resultado da votación é o seguinte:

Hª contemporánea de Galicia no 1º cuadrimestre: 0 votos

Hª contemporánea de Galicia no 2º cuadrimestre: 12 votos

Abstencións: 5

Polo que queda aprobado que a Hª contemporánea de Galicia quede no 2º cuadrimestre e a Prehistoria do NW da P.I. pase para o 1º cuadrimestre.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.55 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

M Carmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

EXTRAORDINARIA
26/11/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
CALVIÑO FREIRE, DAVID
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL
COELLO FDEZ, M^a ANGELES
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
IGLESIAS GÓMEZ, MONTSERRAT
GÓMEZ MANSO, BELÉN
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
MORODO DEL RÍO, JOSE
PÉREZ LOSADA, FERMÍN
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBOREDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
SIXIREI PAREDES, CARLOS
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	SI
	SI
SI	
	SI
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	